



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

62

E muito berran às mulleres
todas cantän d'aleghriä
chaman alghún forãsteiro
que morreu o Cagharría.

No lugar de Campelonco
eu ás veces tamén escuito
cando () no pueblo
era unha noite de luito.

Ai as probes das mulleres
s'a madre de Dió-lo quere,
pasaron muitos traballos
por causa dunha mullere.

Ai ahora fui o pobre
que tuvo unha ghran fertuna
que morriu o oficiado
() el pobre na cuna.

Por non desir na cosiña
non tén mérito nin nada
ou ser un home casado
e morrer cunha criada.

A muller tá mui contenta
pidiu de corasón
a el lovou o demo
a ela quedoull'a pensión.

Sa morriu o Cagarría
o pascador desta sona
e fui morrer á Coruña
cos ghasas de unha bombona.

() non vaias solo
porque hai muita nevada
que morreron ela
e mái-la neta da Capada.



E deso os homes que quedan
e tiñan conosimientos
que sempre pidan a Dios
que lle dea santos pensamentos.

A pra desir outra cousa
quen non tén pan xa ceou
e coa sorte como tuvo el
e que tan pouca Dios lle dou.

Deixémo-lo pobre home
e deamoslle saída
que vai a ialma pró inferno
sighámo-la nosa vida.

Ti qué me dis compañeiro
qu'has de ir beber ònha fonte,
deixémo-la vida del
e vamos cortar ó monte.

Xa que falastes do monte
ó lado do vendaval
pero ao Cagharría nunca
lle gustou o rosare.